

# BIBLIOTECA DE GALICIA

Evaluating one-month SCALES of Experience using latent item design

Digital C 79-2014



Achégate á Biblioteca de Galicia

## Que é a BdG

É a biblioteca central do Sistema Galego de Bibliotecas, que custodia todos os libros, en calquera tipo de soporte, que se editan en Galicia ou que, editados fóra, traten temas galegos ou estean escritos en galego.

Ademais de conservar e difundir ese fondo, así como un valioso conxunto de coleccións de publicacións singulares, a Biblioteca de Galicia é o centro de conexión da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia co ámbito bibliotecario internacional.

Servizi

Como centro depositario do patrimonio bibliográfico más valioso de Galicia, a BdG está orientada fundamentalmente a investigadores, estudiosos ou persoas interesadas na cultura galega. Os fondos en soporte físico resultan accesibles para as persoas dedicadas á investigación, sexa académica ou derivada dun interese particular, que poden acceder á documentación nas dependencias deste centro.

Tamén ofrece fondos digitalizados a través da rede en Galiciano, así como un catálogo de acceso público.

A tranquilidade das súas salas está aberta ao público lector en xeral, con instalacións axeitadas para desenvolver a actividade intelectual nun marco arquitectónico incomparable.



# A Biblioteca a fondo

## Como naceu



A Biblioteca de Galicia (BdG) naceu coa denominación de Centro Superior Bibliográfico de Galicia, creado pola Lei de bibliotecas do ano 1989 para a recuperación, difusión e promoción do patrimonio bibliográfico galego. Actualmente, a BdG está regulada pola Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, que potencia o seu papel de institución central do Sistema Galego de Bibliotecas e a súa vertente de biblioteca dixital. A situación da súa sede na Cidade da Cultura permite abrir un amplo abano de servizos á disposición do público xeral.

## Os seus fondos bibliográficos



A BdG conserva nos seus depósitos máis de oitocentos mil volumes.

Boa parte deles proceden da obriga da entrega dos exemplares esixidos como depósito legal de todo canto se publica en Galicia ou en galego fóra de Galicia; garántese así a actualización constante dos títulos producidos no noso país e en galego.

Conta tamén cunha excelente colección hemerográfica, mostra do xornalismo desenvolvido en Galicia ou polas comunidades galegas do exterior.

A BdG atesoura fondos dun gran valor para a nosa cultura, procedentes, entre outras orixes, da cesión particular de intelectuais galegos.



## De que se ocupa




SER ENFOQUE DE DATOS

Destinatarios de datos. Servicio social. Los datos de los usuarios y las empresas que realizan transacciones en la red se utilizan para mejorar la calidad de los servicios y la eficiencia. Los datos también sirven para mejorar la eficiencia y la calidad de los servicios.

La Biblioteca Digital Gallega es un servicio de información de los libros de la colección permanente que tienen acceso a través de su sitio web. Los libros están disponibles en formato digital y se pueden consultar en línea.

As principais funcións da Biblioteca de Galicia son:

- Recuperar, recoller, conservar, enriquecer e difundir o patrimonio bibliográfico, a producción bibliográfica galega e a relacionada co ámbito lingüístico e temático galego.
- Constituir a biblioteca dixital galega e actuar como centro de referencia na dixitalización do material cultural.
- Exercer a xestión do depósito legal e a propiedade intelectual.
- Xestionar o préstamo interbibliotecario.
- Elaborar directrices para o tratamento, a restauración e a dixitalización do patrimonio bibliográfico galego e para a creación de repositorios de libre acceso.
- Establecer relacions de colaboración e intercambio da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia co ámbito bibliotecario internacional.
- Favorecer a investigación científica e bibliográfica.



## A BdG e a Rede de Bibliotecas de Galicia



A BdG funciona como cabeceira do Sistema Galego de Bibliotecas, cunha actividade especial no que atinxo á xestión de normativas, directrices, proxectos de catalogación e dixitalización compartidos, formación e dirección técnica etc.

A través deste sistema compártense as experiencias, xestionanse os recursos de xelito que flúan entre os distintos puntos do sistema e da rede, racionalizanse os esforzos globais etc.

Portada: *Un olllo de vidro*, Castelao.

## A Biblioteca Dixital, Galiciana

Un dos puntos esenciais para a preservación do patrimonio bibliográfico galego é garantir a translación dos contidos a través do tempo.

A BdG encárgase de transvasar a soportes durables e accesibles por internet a producción escrita, falada, feita música ou imaxe que se deu nas últimas centurias, coa dixitalización de imaxes, sons e da producción editorial, xornalística e escrita en xeral, de Galicia ou relacionada con Galicia; tanto a rexistrada no territorio da comunidade coma a que viu a luz grazas ao compromiso identitario das colectividades da emigración.

A Biblioteca Dixital permite acceder a unha colección de cartografía de Galicia, así como á información relativa ás autoras e autores galegos a través dunha base en constante actualización.

Esta biblioteca dixital, Galiciana, está integrada en proxectos nacionais e internacionais, como Hispana, Europeana ou a World Digital Library.





## Horario

- Público xeral: de luns a domingo, das 8.30 ás 20.00 horas. Todo o ano.
- Persoal investigador (acceso a fondos de reserva): de luns a venres, das 8.30 ás 14.30 horas, en horario de inverno. En horario de verán (de 15 de xuño a 15 de setembro), de luns a xoves das 9.00 ás 14.00 horas.

## A sede

O edificio da Biblioteca e do Arquivo de Galicia sítuase na Cidade da Cultura, no monte Gaiás, en Santiago de Compostela, un vanguardista complexo arquitectónico cun deseño en harmonía coa estrutura da cidade vella e co relevo natural que a rodea, de onde toma a suavidade curva dos seus volumes e a amplitude acolledora, como signos de identidade dun proxecto único.

Para coñecer a sede da Biblioteca de Galicia, a Cidade da Cultura organiza todo o ano visitas guiadas gratuitas.

## Información na rede

A Biblioteca de Galicia está tamén na rede, no enderezo:

<http://bibliotecadegalicia.xunta.es>

Allí atoparás todos os detalles dos servizos, indicacións para a visita, actividades programadas, como chegar etc.

**BIBLIOTECA DE GALICIA**

CIDADE DA CULTURA DE GALICIA  
Monte Gaiás s/nº ■ 15707 Santiago de Compostela

**Horario** ■ De luns a venres ■ De 8.30 a 15.00 h.

Tes toda a información en  
<http://bibliotecadegalicia.xunta.es/>  
<http://galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es>

**XUNTA DE GALICIA**